

## Estadística de edificación e vivenda. Xullo 2006

### COMUNICADO

### O parque de vivendas presenta un crecemento acumulado do 10,2% ata xullo de 2006 con respecto ao mesmo período do ano anterior

En xullo de 2006 a variación neta do parque de vivendas creceu un 59,6% con respecto a xullo de 2005, mantendo crecementos elevados por terceiro mes consecutivo.

A variación neta do parque de vivendas en xullo de 2006 foi de 3.928 vivendas, supoñendo un crecemento do 59,6% fronte ao rexistrado en xullo de 2005. No que vai de ano prodúcese un crecemento do 10,2%.

En xullo de 2006, e respecto aos valores acadados no mesmo mes do ano anterior, o forte aumento da variación neta do parque de vivendas débese sobre todo ao aumento do 58,9% das vivendas a crear en nova planta. Tamén contribúen positivamente as vivendas a crear en rehabilitación cun crecemento do 3,9% e as vivendas a demoler que presentan unha taxa de crecemento do -20,7%.

#### Estadística de edificación e vivenda. Xullo 2006.

	Dato	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Superficie total. Nova planta. (miles de m <sup>2</sup> )	695	25,3%	-0,3%
Variación neta parque de vivendas (número)	3.928	59,6%	10,2%
Vivendas a crear			
Vivendas a crear en nova planta	3.895	58,9%	10,0%
Vivendas a crear en rehabilitación	106	3,9%	1,1%
Vivendas a demoler	73	-20,7%	-5,8%
<b>Datos corrixidos de efecto calendario</b>			
Superficie total. Nova planta. (miles de m <sup>2</sup> )	730	25,3%	-0,7%
Vivendas a crear en nova planta	4.092	58,9%	9,8%


Fonte: IGE, Ministerio de Fomento. Estadística de edificación e vivenda

**A superficie total da edificación de nova planta aumentou un 25,3% en xullo de 2006 con respecto ao mesmo mes do ano anterior**

En xullo de 2006 a superficie total a edificar presenta unha taxa de variación interanual do 25,3%. Este comportamento débese ao crecemento da superficie destinada a vivenda que presenta un crecemento do 43,1%; a superficie destinada a residencias colectivas e non residencial descende con respecto a xullo de 2005.

Corrixida de efecto calendario a superficie total crece tamén un 25,3%. No que vai de ano a superficie total de nova planta descendeu un 0,3% con respecto ao mesmo período do ano anterior, taxa que se converte en -0,7% en termos de datos corrixidos de efecto calendario.

No seguinte gráfico pódese observar a evolución da taxa de variación interanual da superficie total de edificios de nova planta dende 1996.



Fonte: IGE, Ministerio de Fomento. Estadística de edificación e vivenda

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística  
Complejo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Comunicados en : <http://www.ige.eu>